

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 25987/332

INFORME-PROPOSTA

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e cos artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Co presente contrato trátase de cubrir a necesidade de reposición das cadeiras deterioradas da Sala de Estudos existente no Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo. O Servizo de Educación é responsable de xestionar e manter o recinto desta Sala de Estudos

A Sala de Estudos de Beiramar – UNED, ubicada no edificio do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo (avenida Beiramar), conta cunha capacidade de 396 postos para as/os usuarias/os; estes postos teñen unha gran demanda por parte da cidadanía, especialmente nos meses de preparación de exames ou oposicións.

Un número considerable de cadeiras do recinto téñense deteriorado, o que provoca a supresión de postos, feito que xera un gran malestar por parte das/dos usuarias/os que non poden acceder ao recinto.

A adquisición de catrocentas (400) cadeiras novas para substituír as xa deterioradas e as que están en proceso de desgaste que se pretende con este contrato permitiría recuperar a totalidade dos postos de estudo da sala.

O obxecto da presente proposta para o inicio do correspondente expediente de contratación é a necesidade da reposición das cadeiras existentes na Sala de Estudos do Auditorio Mar de Vigo (avenida Beiramar), cos requisitos técnicos a definir no prego de prescricións técnicas. Por outra banda a idoneidade desta contratación fundamentase na adquisición destes novos elementos, que contarán ademais con maior resistencia e durabilidade.

O presente contrato non está previsto no Plan anual de contratación.

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e Disp. Adic. 2ª.4 da Lei 9/2017 e en virtude da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, elévase ao concelleiro delegado de Educación a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Iniciar o expediente administrativo para a contratación da subministración de cadeiras para a Sala de Estudos do edificio do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo (avenida Beiramar).

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

DECRETO

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O concelleiro delegado da Área de Educación, Gorka Gómez Díaz

Dou fe: A secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña